

A Comisión de Valoración do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dita resolución pola que se convoca ás persoas aspirantes admitidas para a realización do terceiro exercicio para a selección do persoal laboral fixo correspondente á Galescola de Nigrán nos termos previstos na bases do devandito proceso. (Resolución do DOG nº89 do 9 de maio do 2008 pola que quedaron aprobadas as Bases da Convocatoria para a provisión do persoal).

Data: 10 de Setembro do 2008

Lugar de Celebración: CEIP Humberto Juanes, R/ Curros Enriquez nº2, (a carón do concello). Nigrán

Horarios das probas:

16:00 horas:

- Mestres/as
- Educadores/as
- Persoal Servizos Xerais.

CONDICIÓNS DA CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

1. As persoas aspirantes deberán presentarse a realización do exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, para seren identificados no transcurso do exercicio.
2. O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas opositoras, membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe.
3. As persoas aspirantes non poderán acceder ó recinto do exame provistos de teléfono móbil, agenda ou demais dispositivos de carácter electrónico.
4. A duración do suposto práctico será de 60 minutos, tempo para realizar e entregar. Ao remate da proba escrita, a Comisión de Valoración chamará aos candidatos, por orde alfabética, para a lectura dos mesmos.

5. As persoas asistentes ás probas poderán deixar as súas pertenzas (abrigo, móbil, etc) no roupeiro habilitado para tal fin.

6. Ás persoas aspirantes facilitaráselles lapis e o papel necesario cando sexa imprescindible e nos casos que o tribunal considere necesario.